

ACORDO DE GOBERNO PARA O CONCELLO DE MOAÑA 2007/2011

Os grupos políticos Bloque Nacionalista Galego (BNG) e Partido Socialista de Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PsdeG-PSOE), amparados na maioría de votos alcanzada nas Eleccións Municipais do pasado 27 de maio e que lles outorgou a posibilidade de formar goberno no Concello de Moaña ao contaren coa **maioría absoluta** dos concelleiros da Corporación (6 BNG; 3 PSdeG-PSOE),

ACORDAN

Asinar un PACTO DE GOBERNO estable para o mandato 2007/2011 baseado nas seguintes cláusulas:

1.- Os dous grupos políticos comprométense a votar na sesión de constitución da nova Corporación e elección de **alcalde** ao candidato proposto pola forza máis votada entre as asinantes (Bloque Nacionalista Galego).

2.-O candidato do PSdeG-PSOE desempeñará a 1ª tenencia de alcaldía.

3.-Os dous grupos políticos comprométense a apoiar por medio dos seus concelleiros e concelleiras a acción de goberno durante o mandato 2007/2011.

4.-A acción de goberno a que se comprometen ambos grupos políticos parte dunha avaliación positiva do labor realizado no anterior mandato municipal, polo que acordan continuar as liñas de traballo emprendidas, coas correccións que a súa execución aconselle, e dar cabo aos proxectos iniciados e que están xa en fase de tramitación administrativa. En particular, e sen carácter exhaustivo, os dous grupos políticos asinantes do presente pacto comprométense a:

-Continuar coa política de saneamento económico do Concello de Moaña, que se plasmará a curto prazo nun Plano de Saneamento económico a catro anos, de obrigado cumprimento para as previsións orzamentarias, coa finalidade de reducir a débeda corrente a límites razoables e acadar un remanente de tesourería positivo.

-Aprobar a curto prazo a valoración de postos de traballo en marcha e continuar coas políticas iniciadas de estabilización laboral, transparencia nas contratacións de persoal e respecto aos dereitos sindicais dos traballadores.

-Xestionar a aprobación definitiva e entrada en vigor do Plan Xeral de Ordenación Municipal, con base no documento aprobado provisoriamente polo

Pleno da Corporación, coas modificacións ou adaptacións a que obrigue a Dirección Xeral de Urbanismo.

-Continuar a política de reforma e humanización urbana, centrando os esforzos inmediatos nos proxectos de reforma do barrio do Real.

-Xestionar a execución inmediata do proxecto de rexeneración da Praia da Xunqueira, promovendo a redacción por parte da Dirección Xeral de Costas da segunda fase do proxecto, desde Samertolameu ata o río da Ponte, así como a recuperación da illa.

-Xestionar o traslado do campo de fútbol municipal ao Casal, executando o proxecto xa redactado de área recreativa na zona.

-Dar remate ás obras de construción da piscina municipal climatizada, de acordo co convenio asinado coa Dirección Xeral de Deportes, e analizar a posibilidade de dotar as instalacións dun segundo vaso nunha nova fase de obras.

-Licitar e dirixir a execución do Centro Socio-cultural de Meira-Auditorio Municipal, de acordo co proxecto e no emprazamento consensuado.

-Continuar as xestións para dotar a Moaña dunha gardería municipal.

-Xestionar o desenvolvemento inmediato, unha vez aprobado definitivamente o Plan Xeral, da Unidade de Actuación de Sixelde co obxectivo de poñer a disposición do SERGAS os terreos para a construción do Centro de Saúde de Moaña.

-Poñer en marcha a política de vivenda protexida que se desprende do Protocolo asinado entre o Concello de Moaña e a Consellería de Vivenda e Solo en xullo de 2006, incrementando o solo destinado a este fin mediante o desenvolvemento das previsións do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

-Xestionar a execución das obras de subministro de auga a Os Piñeiros, A Xalde, Broullón, A Paradela e A Fraga, de acordo co proxecto aprobado polo Pleno da Corporación.

-Executar as obras de rehabilitación da reitoral de San Martiño.

5.-Serán ademais accións prioritarias para o goberno municipal que se forme:

-Xestionar diante da Deputación a urbanización e mellora da seguridade dos viais provinciais.

-Mellorar o sistema de contenerización e recollida de residuos domiciliarios.

-Mellorar o sistema de aparcamento no núcleo urbano, establecendo a zona azul no contorno da Praza de Abastos e a Casa do Mar e ampliándoo progresivamente á rúa Concepción Arenal.

-Xestionar a mellora do transporte interparroquial e de acceso ao centro urbano.

-Xestionar diante do I.S.M. a cesión á Xunta de Galicia da totalidade do edificio da Casa do Mar de Moaña.

-Xestionar xuntamente cos demais Concellos a creación dun Centro de Especialidades para o Morrazo e a inclusión da poboación de Moaña no ámbito de cobertura do 4º hospital.

-Xestionar diante da Autoridade Portuaria o acondicionamento do aterrado de Domaio.

6.- Vista a coincidencia e complementaridade dos programas presentados por ambas forzas políticas ás Eleccións Municipais, ditos programas incorpóranse como anexos ao presente acordo, constituíndo as guías de traballo das dúas organización nas áreas que lles corresponda xestionar. Cando se produzan contradicións entre as propostas programáticas dos dous grupos, así como cando sexa preciso emprender actuacións non

contempladas no anterior programa, a acción de goberno será decidida de forma consensuada entre os dous grupos municipais.

7.-A xestión municipal durante o mandato 2007/2011 organizarase de acordo coa distribución de áreas e cotas de representación recollidas no ANEXO 1. Os grandes proxectos de reforma urbana, rexeneración do litoral, equipamentos, etc., serán xestionados conxuntamente polas dúas forzas políticas asinantes.

8.-Os grupos políticos asinantes comprométense a participar das tarefas de goberno de acordo coa distribución de responsabilidades recollida no ANEXO 2.

9.-O goberno municipal emanado deste pacto actuará en todo momento baixo os principios de mutua lealdade, corresponsabilidade na toma de decisións e execución de acordos, e respecto ás atribucións asumidas por cada un dos asinantes e os seus representantes no goberno.

10.-Serán criterios para o funcionamento do goberno que se forme os seguintes:

- a) Principio de unidade de xestión e de solidariedade: O goberno municipal, como órgano único e colexiado, actuará con cohesión, lealdade e apoio mutuo, responsabilizándose de xeito conxunto e solidario do funcionamento do Concello, partindo do diálogo e co compromiso cun programa municipal común. Cada formación política manterá a súa autonomía de actuación no que exceda á xestión municipal.
- b) Principio de autonomía: O Alcalde efectuará unha delegación xenérica de competencias aos concelleiros/as que contemplará todas as facultades, dereitos e deberes na materia ou área delegada, agás as indelegables, co obxecto de garantir a capacidade de xestión na súa área, dentro do marco das liñas programáticas básicas e no sometemento ás normas xerais e ás decisións corporativas, que garantizan o funcionamento unitario do goberno municipal.
- c) Principio de eficacia: Na acción de goberno primará a axilidade, eficiencia e eficacia, para así acadar un nivel óptimo de prestación de servizos e de mellora de calidade de vida dos cidadáns.

11.-As decisións de goberno adoptaranse en todo momento por consenso dos grupos, sen prexuízo do dereito á discrepancia pública, en tanto esta non vulnere os principios enunciados no punto 7, e ao dereito de cada grupo a levar diante do Pleno as propostas de impulso (mocións) que considere axeitadas. Os asuntos en que o consenso non se produza quedarán sobre a mesa para un posterior debate.

12.-A portavocía pública dos acordos municipais corresponde ao alcalde, sen prexuízo da posibilidade de cada concelleiro e concelleira de anunciar as iniciativas tomadas nas súas respectivas áreas, e dos portavoces para fixar publicamente o posicionamento de cada grupo municipal sobre os asuntos a debate.

13.-Á marxe dos órganos municipais regularmente establecidos, os concelleiros e concelleiras do BNG e PSdeG-PSOE celebrarán **reunións intergrupais** cando o solicite un dos portavoces municipais, para realizar o seguimento puntual da acción de goberno.

14.-Constituirase unha **Comisión de Seguimento e Avaliación do Pacto**, formada de modo estable por tres representantes de cada unha das forzas políticas asinantes e á que poderá convocarse de forma puntual os concelleiros/as interesados para a toma de acordos. Esta Comisión de Seguimento reunirse cando así o solicite un dos grupos políticos asinantes.

Moaña, 16 de xuño de 2007.

ASINAN,

POLO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG):

POLO PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA-PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL (PsdeG-PSOE):

ANEXO I

1.- CONFORMACIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1.1.COMISIÓNS INFORMATIVAS:

1.-Comisión de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas, Medio Ambiente e Mar.
Representantes: PP: 3; BNG:3; PsdeG-PSOE: 2; INMO: 1
Presidencia: BNG.

2.-Comisión de Servizos e Obras, Mobilidade, Transportes e Seguridade Cidadá:
Representantes: PP: 3; BNG: 3; PsdeG-PSOE: 2; INMO: 1;
Presidencia: PSOE.

3.-Comisión de Facenda e Patrimonio, Persoal e Rexime Interior e Promoción Económica:
Representantes: PP: 3; BNG: 3; PsdeG-PSOE: 2; INMO: 1
Presidencia: PSOE.

4.-Comisión de Cultura, Ensino, Mocidade, Deportes e Igualdade e Servizos Sociais:
Representantes: PP: 3; BNG: 3; PsdeG-PSOE: 2; INMO: 1
Presidencia: BNG.

5.-Padroado Municipal Beiramar:
Presidencia: PSdeG-PSOE.
1 representante por cada un dos grupos municipais.

1.2. COMISIÓN DE GOBERNO.

Composición:
-Alcalde.
-3 representantes do BNG.
-2 representantes do PsdeG-PSOE.

1.3.-TENENCIAS DE ALCALDÍA:

-1ª Tenencia de Alcaldía: PSdeG-PSOE
-2ª Tenencia de Alcaldía: BNG.
-3ª Tenencia de Alcaldía: PSdeG-PSOE
-4ª Tenencia de Alcaldía: BNG.

2.-RELACIÓN DE DELEGACIONES E COMPETENCIAS.

- 1.-Área de Alcaldía.
 - 1.1. Normalización Lingüística.
 - 1.2. Participación veciñal.

- 2.-Delegación de Persoal e Rexime Interior.
 - 2.1. Contratacións de persoal.
 - 2.2. Xestión e control de persoal. Rexime disciplinario.
 - 2.3. Relacións laborais e relacións co Comité de Empresa e Xunta de Persoal.

- 3.-Delegación de Facenda e Patrimonio.
 - 3.1. Dirección dos servizos económicos do Concello (Intervención, Tesourería e Recadación).
 - 3.2. Xestión de compras, contratacións e pagos.
 - 3.3. Xestión do orzamento municipal.

- 4.-Delegación de Urbanismo, Vivenda e Infraestruturas:
 - 4.1. Planeamento básico (Plan Xeral de Ordenación Municipal).
 - 4.2. Planeamento de desenvolvemento das actuais NN.SS. e do futuro PXOM.
 - 4.3. Xestión de Licencias.
 - 4.4. Disciplina urbanística.
 - 4.5. Promoción da vivenda protexida.
 - 4.6. Obras, infraestruturas e dotacións que requiran a redacción de proxecto técnico e se executen mediante contratación.

- 5.-Delegación de Medioambiente e Mar:
 - 5.1. Proxectos e programas de ordenación e rexeneración do litoral.
 - 5.2. Proxectos e programas de mellora e posta en valor do medio natural.
 - 5.3. Proxectos e programas de humanización e rexeneración do ambiente urbano.
 - 5.4. Limpeza e mantemento de praias, cauces fluviais e espazos naturais.
 - 5.5. Prevención e loita contra incendios forestais, dentro das competencias municipais.
 - 5.6. Recollida e tratamento dos residuos sólidos urbanos e residuos especiais de competencia municipal.
 - 5.7. Hixiene e salubridade pública.
 - 5.8. Proxectos e programas relativos aos sectores económicos vinculados ao mar.

- 6.-Delegación de Servizos e Obras:
 - 6.1. Obras que non requiran a redacción de proxecto técnico e poidan executarse polos medios propios do Concello ou por administración.
 - 6.2. Augas, saneamento e depuración.
 - 6.3. Conservación e mellora da rede viaria municipal.
 - 6.4. Mantemento e ampliación do alumado público.
 - 6.5. Mantemento, mellora e ampliación de zonas verdes e parques públicos.

- 6.6. Limpeza viaria e de espazos públicos.
- 6.7. Mantemento, mellora e ampliación de parques infantís.
- 6.8. Mantemento de colexios e instalacións municipais.
- 6.9. Cemiterios.

7.- Delegación de Mobilidade, Transportes e Seguridade Cidadá.

- 7.1. Ordenación do tráfico rodado.
- 7.2. Transporte público.
- 7.3. Seguridade cidadá.

8.-Delegación de Deportes e Mocidade.

- 8.1. Programación deportiva.
- 8.2. Escolas deportivas municipais.
- 8.3. Proxectos de conservación e mellora de infraestruturas deportivas.
- 8.4. Relacións coas sociedades deportivas.
- 8.5. Xestión do Complexo Deportivo do Beque.
- 8.6. Xestión da Casa da Mocidade.
- 8.7. Promoción do asociacionismo e da información á mocidade.
- 8.8. Programación xuvenil.

9.-Delegación de Cultura e Ensino.

- 9.1. Programación cultural.
- 9.2. Relacións cos colectivos e asociacións culturais.
- 9.3. Proxectos de dotacións socio-culturais.
- 9.4. Bibliotecas e actividades complementarias.
- 9.5. Escolas de música, gaita, teatro, etc.
- 9.6. Relacións coa comunidade educativa.
- 9.7. Programas e proxectos relativos ao ensino.

10.-Delegación de Igualdade e Servizos Sociais:

- 10.1. Programas de intervención social: prevención da exclusión, loita contra a pobreza, educación para a saúde e loita contra as adicións, inmigración, etc.
- 10.2. Programas de dinamización social e cohesión comunitaria.
- 10.3. Atención ás persoas maiores.
- 10.4. Atención aos colectivos obxecto de discriminación social.
- 10.5. Programas de promoción da igualdade de xéneros.
- 10.6. Ludoteca municipal, gardería, servizos á infancia, etc.

11.- Delegación de Promoción Económica e Presidencia do Padroado Beiramar

- 11.1. Xestión da Praza de Abastos, mercado e venda ambulante.
- 11.2. Comercio.
- 11.3. Turismo.
- 11.4. Industria.
- 11.5. Programas de formación ocupacional.
- 11.6. Promoción do emprego.
- 11.7. Promoción empresarial.

ASINAN:

POLO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG):

**POLO PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA-PARTIDO SOCIALISTA
OBRERO ESPAÑOL (PsdeG-PSOE):**

ANEXO 2

DISTRIBUCIÓN DE RESPONSABILIDADES DE GOBERNO

Alcaldía: BNG.

Delegación de Persoal e Rexime Interior: BNG.

Delegación de Facenda e Patrimonio: PSdeG-PSOE.

Delegación de Urbanismo, Vivenda e Infraestruturas: BNG.

Delegación de Medioambiente e Mar: BNG.

Delegación de Servizos e Obras: PSdeG-PSOE.

Delegación de Mobilidade, Transportes e Seguridade Cidadá: PSdeG-PSOE.

Delegación de Deportes e Mocidade: BNG.

Delegación de Cultura e Ensino: BNG.

Delegación de Igualdade e Servizos Sociais: BNG.

Delegación de Promoción Económica e Padroado Beiramar: PSdeG-PSOE.

REPRESENTANTE NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA AUTORIDADE
PORTUARIA DE VIGO:
PSdeG-PSOE.

REPRESENTANTE NA ASEMBLEA DE CAIXANOVA:
BNG.

REPRESENTANTES NA XUNTA DE GOBERNO DA MANCOMUNIDADE DE
CONCELLOS DO MORRAZO:
-1 representante do PSdeG-PSOE.
-2 representantes do BNG.

Moaña, 16 de xuño de 2007

ASINAN:

POLO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG):

**POLO PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA-PARTIDO SOCIALISTA
OBRERO ESPAÑOL (PsdeG-PSOE):**